



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: PROPOSTA DE NOMEAMENTO REALIZADA POLO TRIBUNAL NOMEADO NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO 2022, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPT. 23/2023-SPL-EST, 2023/E001/000012.

En cumprimento do establecido na base 10.1 das que rexen o procedemento de selección número 23/2023-SPL-EST 2023/E001/000012, mediante o sistema de concurso, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de axente de emprego e desenvolvemento local incluída na oferta de emprego pública extraordinaria de 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, faise público que o Tribunal encargado da valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes, o 12 de decembro do 2024, adoptou os seguintes acordos:

«Formular proposta de nomeamento como persoal laboral fixo a favor de dona MARGARITA AMATE ANGUEIRA, con documento nacional de identidade ***9539**, ao ter obtido a maior puntuación no concurso convocado para a cobertura dunha (1) praza de axente de emprego e desenvolvemento local incluída na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro da DA 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Facer público a proposta de nomeamento mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón e no de Anuncios da Casa do Concello e requerir á candidata proposta para que no prazo de 20 días naturais presente a documentación que se relaciona na base 10.2.»

O Presidente do Tribunal

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. José Marcelino Rivera Rarís